

**BASES PARA A SELECCIÓN DE AUXILIARES DA POLICÍA LOCAL EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL PARA A TEMPADA DE VERÁN.**

**PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

O obxecto da convocatoria é a selección e contratación laboral temporal de Auxiliares da Policía Local, co obxecto de atender as necesidades propias da época estival. E creación de bolsa de emprego para o ano 2017.

**SEGUNDA. CONDICIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO.**

As modalidades contractuais serán as duns contratos de duración determinada para un servizo determinado, exercendo as funcións de Auxiliares da Policía Local (grupo equivalente C2) e por mor da tempada de verán do ano 2017.

Estímase que os servizos prestaranse (poderán variarse as datas de inicio e/ou de fin:

- 24 contratos por 3 meses de duración (estimada entre xuño e setembro 2017).

A duración dos contratos estará condicionada ás necesidades do servizo, por o que poderán causar baixa, cando así o estime a xefatura de persoal con motivo de non ser necesarios os reforzos para os que foron contratados.

**TERCEIRA. RETRIBUCIÓN E XORNADA.**

A retribución dun contrato a xornada completa non será inferior ao equivalente para un funcionario do grupo C2 e cun nivel 18 equivalente de Complemento de Destino.

A xornada será de luns a domingo cos descansos semanais establecidos por lei. As xornadas estableceranse de acordo o que estableza a xefatura do corpo.

**CUARTA. LEXISLACIÓN APLICABLE.**

A contratación farase ó amparo do disposto no apartado 1 a) segundo a redacción dada pola lei 63/1997, do 26 de Decembro (B.O.E. de 30 de Decembro), do art.15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, por o que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores. Estarase na selección e contratación no establecido no Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro, por o que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto do Empregado Público e da Lei 4 / 2007 de Coordinación de Policía Local, así como o Decreto 243/2008 do 16 de outubro a cal desenvolve a Lei 4 / 2007 e a Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para a contratación de auxiliares de policía de tempada, así como a Corrección de erros da dita Orde de 28 de xaneiro de 2009, que foi publicada no DOG de 12 de febreiro, tamén será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

**QUINTA. CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.**

Segundo o establecido no artigo 56 do Real Decreto Legislativo 5/2015 e no 35 e 95 da Lei 4 / 2007 de Coordinación de Policía Local.

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos dezaoitos anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima establecida no artigo 53.1.c) do Real Decreto Lexislativo 5 / 2015.

d) Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

e) Posuír a titulación de graduado escolar, ESO, bacharel elemental ou equivalente.

f) Ter ingresado na conta bancaria de ABANCA nº ES 12 2080 5061 45 3040005803 a cantidade de 7,73 € fixada como dereitos de exame, na ordenanza municipal publicada no BOP de 15 de decembro de 2011. Aqueles aspirantes que presenten a tarxeta de demandante de emprego en vigor estarán exentos do pago dos dereitos de exame.

Todos os requisitos anteriores deberán posuírse no intre da presentación das instancias e gozar dos mesmos durante o procedemento de selección, así como en cada suposto nos que os/as seleccionados/as sexan requiridos/as para prestar os seus servizos neste concello.

#### **SEXTA. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.**

As instancias solicitando tomar parte do proceso selectivo, no que os/as aspirantes deberán manifestar todas e cada unha das condicións esixidas para tomar parte da convocatoria (relacionadas na base quinta) dirixiranse á Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Sanxenxo, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo de 9:00 á 13:00 horas (de luns a venres), durante o prazo de 10 días naturais dende a publicación do anuncio nun dos diarios de maior circulación da comunidade (dende o 05 de maio de 2017 ata o 15 de maio de 2017 ámbolos dous inclusive).

Xuntaranse ca instancia a seguinte documentación:

- Currículo extenso e detallado.
- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia da tarxeta co número de afiliación a Seguridade Social.
- Titulación de graduado escolar, ESO, bacharel elemental ou equivalente.
- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida exercer-la función propia a desenvolver.

Os aspirantes que non reúnan os requisitos esixidos na convocatoria quedarán automaticamente excluídos/as desta.

#### **SETIMA.—COMEZO DOS EXERCICIOS**

1. Data, lugar e hora das probas selectivas:

**Xóves 18 de maio de 2017**, Emprázanse os aspirantes para tallarse e para a realización das probas físicas no pavillón de deportes de Baltar ás 8:30 da mañá.

**Venres 19 de maio de 2017**, Aqueles aspirantes que superasen as probas o día anterior emprázanse as 10 horas no Pazo Emilia Pardo Bazán para a realización do resto de probas.

2. Os aspirantes convocaranse para cada exercicio nun único chamamento, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non comparezan a realizalo, salvo os casos debidamente xustificadas, que resolverá o tribunal.

3. Na fase de oposición, os aspirantes deberán presentarse para realizaren cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles, os cales se indicarán nas bases específicas.

## OITAVA. PROCESO DE SELECCIÓN DOS ASPIRANTES.

De acordo co previsto no artigo 47 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, as probas para a selección de auxiliares contratados polos concellos, son as que se describen a continuación:

### A.1. Comprobación da estatura e probas de aptitude física.

-Comprobación da estatura.

Ao comezo realizarase o control da estatura dos/as aspirantes. Os mínimos son os que rexen para o ingreso nos corpos de policía local: 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

#### PROBAS FÍSICAS

As probas físicas cualificaranse de apto/non apto. Para obter a cualificación de apto os aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

#### A.1.1. Potencia tren inferior: salto vertical.

Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

O aspirante colocarse en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os calcañares do chan, e marcará coas dedas a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente coas dedas o nivel alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberanse observar as seguintes regras:

-Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.

-Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.

-Permítese dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo no primeiro.

A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

PROBA tren inferior	18 – 36 anos	37 – 48 anos	49 anos ou máis
<b>HOMES</b>	41 cm	33 cm	29 cm
<b>MULLERES</b>	32 cm	28 cm	25 cm

#### A.1.2. Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase en pé.

Só se permite un intento.

O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído.

A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos e segundos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade:

PROBA resistencia	18 – 36 anos	37 – 45 anos	46 anos ou máis
<b>HOMES</b>	4'30"	5'00"	5'15"
<b>MULLERES</b>	5'00"	5'30"	5'45"

## 2. Proba de coñecementos.

A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no anexo (B).

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:  $N = (A - F / 3) / 5$ .

Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas erradas ou non respostas.

## 3. Proba específica sobre coñecemento do termo municipal e da toponimia local.

O órgano de selección someterá aos/ás aspirantes a unha proba oral, mediante unha entrevista persoal para determinar o seu nivel de coñecemento sobre as características propias do concello e a toponimia local. Cualificarase de cero a tres puntos, sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de un con cinco puntos para superala.

## 4. Coñecemento da lingua galega.

O tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos/as aspirantes, mediante unha proba a cal se cualificará como apto ou non apto, sen embargo as persoas aspirantes que acrediten, con carácter previo dito coñecemento a través da presentación do Certificado de lingua galega 3 (CELGA 3), o coñecemento da lingua galega daráselles por superada esta proba coa cualificación de apto.

## B. ANEXO - Temario.

1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.
2. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
4. Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.
5. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.
6. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
7. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices.

8. Delitos contra a seguraza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.

9. Lei de seguraza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.

10. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguraza.

11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.

12. A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía.

#### **C. Relación de aprobados/as.**

Establecida a puntuación final de cada aspirante, elaborárase unha listaxe destes/as baseándose na súa puntuación e por orde decrecente, resultando aprobados/as os/as que, tendo en conta o número de prazas, obtivesen as notas máis altas.

No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta o contemplado no Decreto lexislativo da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade no que indica que no suposto de empate na puntuación de dous ou máis aspirantes, debería avaliarse a posibilidade de discriminación en favor da muller no suposto de producirse infrarrepresentación feminina no cadro de persoal de policía local. De persistir o empate terase en conta a maior puntuación obtida na proba de coñecementos e se non nos mellores tempos acadados nas probas selectivas. De persistir o empate farase a selección por sorteo.

#### **D. Curso de formación.**

Os/as aspirantes que superasen o proceso de selección deberán participar nun curso obrigatorio de formación que desenvolverá a Academia Galega de Seguridade Pública (Posiblemente na última semana de maio na Academia Galega de Seguridade na Estrada, os cales deberán acudir a el cos seus medios e o seu cargo). Aqueles/as que xa tivesen participado e obtivesen certificado de asistencia ao dito curso, estarán exentos/as desta obriga por un período de catro anos, de acordo co previsto no artigo 48.2º do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de coordinación de policía locais.

### **NOVENA. ADMISIÓN DOS PARTICIPANTES E CELEBRACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS.**

Publicaranse no taboleiro do Concello de Sanxenxo os admitidos a convocatoria, nos dous días hábiles seguintes a finalización da presentación das instancias, onde se confirmarán a data e lugar de celebración das probas físicas e de coñecementos.

#### **DECIMA. TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

Estará integrado por :

##### **PRESIDENTE :**

Luís Angel Sabariz Rolan. Tesoureiro Municipal do Concello de Sanxenxo.

##### **SECRETARIO :**

Celestino Otero Camiña. Funcionario de carreira da área de intervención.

##### **VOCAIS :**

Manuel Ferreiro Expósito. Inspector Xefe da Policía Local de Sanxenxo.

Marcial Juvino Torres. Oficial da Policía Local de Sanxenxo.

Luís Fariña Escudeiro. Policía Local de Sanxenxo.

**ASESORES :**

Carlos Granjel Dios. Técnico de emprego / persoal do Concello de Sanxenxo.  
José Ramón López Rodríguez. Coordinador deportivo do OA Terra do Concello de Sanxenxo.

**SUPLENTES :**

Teresa Reyes Martínez. Administrativa.  
Ana M<sup>a</sup> Vázquez Álvarez. Policía Local de Sanxenxo.  
Faustino Balea Casas. Oficial da Policía Local de Sanxenxo.  
Candido Villaverde Otero. Policía Local de Sanxenxo.  
Jose Jorge Mouco Leiro. Policía Local de Sanxenxo.

**UNDÉCIMA. BOLSA DE EMPREGO**

A relación de aspirantes proposto por o tribunal por orde de puntuación conformarán unha bolsa de emprego con vixencia para o ano 2017.

**DUODECIMA. INCIDENCIAS**

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o previsto nestas Bases, calquera modificación ou decisión publicárase no taboleiro de anuncios do Concello.

Sanxenxo, 4 de maio de 2017.

O alcalde,

Gonzalo Gonzalo Pita.

